

Os demostrativos e os posesivos

LEMBRA

Os **demostrativos** son as palabras que sinalan seres ou obxectos e indican a distancia que hai entre estes e a persoa que fala.

Os demostrativos clasifícanse en tres grupos, segundo expresen **proximidade**, **distancia media** ou **afastamento**.

1 Arrodea os demostrativos que atopas neste texto. Coidado coas contraccións!

Unhas boas indicacións

–Bo día, señor.

–Bo día, rapaz.

–Escoite, por favor, podería dicirme se hai algunha ferraxaría preto de aquí?

–Pois... Déixame pensar un pouco... Si, mira, hai unha **neste** mesmo barrio. Continúa recto por aquí ata **ese** semáforo de alí adiante. Nada máis pasalo, xira á dereita e continúa por **aquela** rúa ata que chegues a unha praciña. Na praciña **aquela** verás a ferraxaría. *O parafuso*, penso que se chama.

–Moitas grazas, señor.

–De nada. Por certo, terás que ir axiña porque deben pechar de aquí a pouco, e quizais **esta** tarde xa non abran. É que son as festas no barrio, sabes?

–Vou deseguida. Moitísimas grazas e adeus!

–Adeus!



2 Clasifica os demostrativos que arrodeaches e completa a táboa con todas as formas.

	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Proximidade	Este	Esta	Estes	Estas
Distancia media	Ese	Esa	Eses	Esas
Afastamento	Aquel	Aquela	Aqueles	Aquelas

LEMBRA

Os **posesivos** son as palabras que expresan que un ser ou un obxecto pertence a alguén que chamamos **posuidor**.

Os posesivos indican a **persoa gramatical** a que pertence o ser ou obxecto sinalado e se hai **un ou varios posuidores**.

3 Risca as palabras que non sexan posesivos.

a	noso	eu	meu	este
súas	teus	súa	dous	ningún
vós	miña	meito	seu	túa

4 Completa coa forma de posesivo que cumpra.



■ A miña (de min) gorra é azul.



■ Estes son os teus (de ti) libros.



■ Antón, gústame moito a túa (de ti) mochila nova.

■ O fotógrafo perdera a súa (del) cámara.



■ Se queredes, podedes vir xogar co meu (de min) can.



■ Adela deixoume as súas (dela) pinturas.



5 Nas oracións anteriores, arrodea o substantivo a que se refire cada posesivo.

LEMBRA

As palabras acentúanse graficamente atendendo aos seguintes criterios:

	Posición da sílaba tónica	Terminacións con que se acentúan
Agudas	Última	Vogal; vogal + s ; vogal + n ; vogal + ns
Graves	Penúltima	Consoante distinta de n ou s ou grupo consonántico distinto de ns
Esdrúxulas	Antepenúltima	Todas

- 1 Fíxate no menú e copia as palabras que se piden. **R. M.**

MENÚ SAUDABLE

Válido todos os días da semana e fácil de elaborar

<p style="text-align: center; color: red; text-decoration: underline;">1.º prato</p> <p>Arroz con verduras Ensalada mixta Puré de cabaciña</p> <p style="text-align: center; color: red; text-decoration: underline;">Sobremesas</p> <p>Macedonia de froita Xeado de iogur con chocolate Pastel de dátil</p>	<p style="text-align: center; color: red; text-decoration: underline;">2.º prato</p> <p>Pescada con salsa de nécoras Croquetas de xamón Alcachofas con ameixas</p> <p style="text-align: center;">Pan, auga mineral e café ou infusión incluídos.</p> <p style="text-align: right; color: red; font-weight: bold; font-size: 1.2em;">PREZO: 7€</p>
--	--

- Dúas palabras agudas con acento ▶ _____ **puré** _____, _____ **xamón** _____
- Dúas palabras agudas sen acento ▶ _____ **arroz** _____, _____ **mineral** _____
- Dúas palabras graves con acento ▶ _____ **dátil** _____, _____ **fácil** _____
- Dúas palabras graves sen acento ▶ _____ **mixta** _____, _____ **croquetas** _____
- Dúas palabras esdrúxulas ▶ _____ **válido** _____, _____ **nécoras** _____

SABER FACER PRESENTAR UN TEMA

1 Escribe un párrafo para presentar o tema de cada texto. Primeiro, le o resto do texto e pensa nos seguintes aspectos, que che poden axudar a escribir o párrafo introdutorio.

- De que trata o texto.
- A quen vai dirixido.
- Con que finalidade se escribiu.

R. M.

Os viandantes na vía pública

Como viandante usuario da vía pública, estás
 exposto a varios perigos. Neste texto ofrécese unha
 unha serie de recomendacións que van contribuír
 a mellorar a túa seguridade. Ten en conta o seguinte:

- ✓ Camiña sempre pola beirarrúa ou pola beiravía e observa atentamente o que pasa ao teu arredor.
- ✓ Se non hai beiravías, procura camiñar pola túa esquerda e tan preto da beira como poidas.
- ✓ Respecta os sinais de tráfico e os semáforos.



A análise de sangue

En ocasións, o pediatra necesita que fagamos unha
 análise de sangue que lle achega información para
 elaborar un diagnóstico. Neste texto explícase
 como se fan esas análises e que información dan.

Cunha agulla e cunha xiringa, extráese un pouco de sangue dunha vea do paciente e envíase a un laboratorio. Alí, o sangue sométese a varias probas que permiten saber, por exemplo, se a persoa ten algunha deficiencia relacionada coa nutrición ou algunha infección.

Aniversario feliz


Daniel pensaba que, ao nacer, se equivocara de data. Facer anos o 15 de agosto é un fastío! Todo o mundo está de vacacións e non hai manei de organizar unha festa en condicións... Por iso o celebraba a principios de xullo. Máis valía facelo un mes antes ca non facelo en absoluto!

Con todo, aquel verán nin iso ía ser posible. Todos os seus amigos estaban no estranxeiro desde que acabou o curso, para aprender idiomas. Fátima e Alberte, en Gran Bretaña; Roi, en Francia; Cibrán, en Irlanda; Paula, na illa de Malta; Ana, en Italia; Antón e Uxía, en Alemaña... Era increíble!

Anoxado e aburrido, a Daniel pasoulle xullo e chegou agosto. Se por el fose, aquel ano saltaría o aniversario e en paz. Que sentido tiña facer anos se non podía celebralo con ninguén?

O 15 de agosto, pola mañá, un ruidiño comezou a soar no seu cuarto. Abrindo só un ollo, colleu o móbil e leu unha breve mensaxe de Roi: só dicía «Conéctate!». Obediente, Roi acendeu o ordenador e entrou na súa páxina. Emocionado e sorprendido, descubriu que todos os seus amigos estaban xa conectados, e que todos á unha lle desexaban un aniversario feliz. E en todos os idiomas posibles!

Malia non ter festa nin agasallos, Daniel estaba contento. Parte de Europa felicitáralle o aniversario...



1 Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- V O aniversario de Daniel é o 15 de agosto.
- F A Daniel gústalle facer anos en agosto.
- V Daniel celebraba o seu aniversario sempre en xullo.
- V Este ano Daniel non ía poder celebrar o seu aniversario.
- F Os amigos de Daniel estaban todos enfermos.



2 Responde tendo en conta as opcións que marcaches anteriormente.

- Cando acostumaba Daniel celebrar o seu aniversario? Por que? A principios de xullo.
Porque despois os seus amigos non estaban.
- Por que os amigos de Daniel non podían estar canda el no seu aniversario? Porque aquel
verán todos estaban no estranxeiro aprendendo idiomas.

3 Arrodea a expresión que significa o mesmo ca 'ser un fastío'.

- ser unha pasada
- ser un aburrimento
- ser unha pena
- ser unha marabilla

4 Consulta a lectura e escribe o nome dos amigos de Daniel segundo o país ao que foi cada un.



5 Escribe. En que lingua está escrita cada felicitación?

Joyeux anniversaire! ▶ francés

Buon Compleanno! ▶ italiano

Alles Gute zum Geburtstag! ▶ alemán

Happy birthday! ▶ inglés

6 Completa coas palabras que coidas que faltan, tendo en conta o que liches no texto.

O día do seu aniversario Daniel recibiu unha felicitación. Todos os seus amigos, conectados por ordenador, felicítarono en diversos idiomas de Europa.